

## CURSO ESCOLAR 2016-2017

### SERVIZOS DE COMEDOR E MADRUGADORES NA REDE DE CENTROS PÚBLICOS DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

#### - INFORMACIÓN XERAL PARA AS FAMILIAS INSCRITAS NOS SERVIZOS-

O Concello de Santiago de Compostela poñerá en marcha, O LUNS 12 DE SETEMBRO, o servizo de comedores e madrugadores nos seguintes centros de ensino públicos: Apostólo Santiago, Quiroga Palacios, As Fontiñas, Roxos-Villestro, Vite, Mestre Rodríguez Xixirei (Lavacolla), Monte dos Postes, Raíña Fabiola, Ramón Cabanillas e no caso do CEIP Arquitecto Casas Novoa, só o servizo de madrugadores.

O servizo de comedores e madrugadores organízase polo concello de Santiago de Compostela no marco dun Convenio de colaboración coa Consellería de Educación para prestar un servizo ás familias con menores a cargo, que favoreza a conciliación da vida laboral, familiar e persoal, a adquisición de valores e hábitos saudables desde a infancia.

Os horarios do servizo nos distintos centros son:

CENTROS	HORARIO ALMORZO	HORARIO XANTAR
CEIP APÓSTOLO SANTIAGO	7:30 h – 9:00 h	14:00 h – 16:30 h
CEIP CARDEAL QUIROGA PALACIOS	7:30 h – 9:15 h	14:15 h – 16:30 h
CEIP DAS FONTIÑAS	7:30 h - 9:15 h	13:45 h – 16:30 h
CEIP DE ROXOS	7:30 h - 9:30 h	14:30 h – 16:30 h
CEIP DE VITE	7:30 h - 9:30 h	14:30 h – 16:30 h
CEIP RODRIGUEZ XIXIREI	7:30 h - 9:00 h	14:00 h – 16:30 h
CEIP MONTE DOS POSTES	7:30 h - 9:00 h	14:00 h – 16:30 h
CEIP RAÍÑA FABIOLA	7:30 h - 9:00 h	14:00 h – 16:30 h
CEIP RAMÓN CABANILLAS	7:30 h - 9:00 h	14:00 h – 16:30 h
CEIP ARQUITECTO CASAS NOVOA	7:45 h – 10:00 h	-

- **Todas as familias que solicitaron praza no rexistro xeral do concello de Santiago están admitidas.**
- Aquelas familias que non solicitaron o servizo e o necesiten, teñen que realizar a correspondente tramitación a través do Rexistro Xeral do concello, cubrindo o impreso correspondente, que poden descargar da páxina web municipal [www.santiagodecompostela.gal](http://www.santiagodecompostela.gal) (banner de comedores escolares).
- Ademais a empresa Serunión, para facer efectiva a alta no servizo de comedores e madrugadores, entregaralle a cada familia que o utilice, unha ficha que deberán cubrir e entregar ao coordinador do comedor de cada centro educativo.

- Serunion pon a disposición das familias usuarias do servizo os seguintes datos de contacto: [www.serunion-educa.com](http://www.serunion-educa.com). Teléfono: 881 550 110. Correo electrónico: [comedores@serunion.elior.com](mailto:comedores@serunion.elior.com)
- As familias que teñan solicitado becas de comedor deben poñerse en contacto, para calquera asunto relacionado con este particular, co Departamento de Benestar Social no teléfono 981- 54 24 65 ou no correo electrónico [psociais.diversidade.saude@santiagodecompostela.gal](mailto:psociais.diversidade.saude@santiagodecompostela.gal)
- De acordo coa cláusula 5.4. do prego de prescricións técnicas que rexen este servizo, a empresa que presta o servizo de comedor e madrugadores, non está obrigada a prestar o servizo de almorzo e de xantar cando o número de usuarios diarios sexa igual ou inferior a catro.
- Para a mellor coordinación e información arredor deste servizo municipal de comedores e de madrugadores, os teléfonos de contacto dos coordinadores/as dos centros escolares durante a prestación do mesmo (calquera cambio que se produza darase a coñecer coa maior prontitude posible), son:

Horario de 7.00 h. – 9:30 h. e 13:45 - 16.30 h.	COORDINADOR	TELÉFONO
<b>COORDINADOR XERAL</b>	IGNACIO FARIÑA	628 071 775
<b>CENTROS</b>		
<b>CEIP APÓSTOLO SANTIAGO</b>	MARCOS ROMERO	638 261 559
<b>CEIP ARQUITECTO CASAS NOVOA</b>	ALEJANDRA LOUREIRO	638 261 526
<b>CEIP QUIROGA PALACIOS</b>	JOSÉ ANGEL TARRIO	638 261 479
<b>CEIP DAS FONTIÑAS</b>	DORINDA CID	638 261 536
<b>CEIP DE ROXOS</b>	SANDRA MANEIRO	638 261 746
<b>CEIP DE VITE</b>	MONICA FERREIRO	638 262 889
<b>CEIP RODRIGUEZ XIXIREI</b>	ALEJANDRA LOUREIRO	638 261 526
<b>CEIP MONTE DOS POSTES</b>	JUAN JOSÉ CONDE	638 261 345
<b>CEIP RAIÑA FABIOLA</b>	PILAR LAGO	638 261 687
<b>CEIP RAMÓN CABANILLAS</b>	MARTÍN OTERO MIRA	628 071 775

De acordo co aprobado na Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o 22 de agosto de 2016, os prezos públicos a pagar polos usuarios/as durante o curso escolar 2016-17, son:

Xantar: 4,50 €/día (IVE engadido)  
Almorzo: 1,93 €/día (IVE engadido)

**Para máis información:**

Departamento Educación e Cidadanía  
Edificio CERSIA Rúa do Alcalde Raimundo López Pol, s/n – San Lázaro  
Tfnos.: 981 554 400/401 Fax: 981 571 511  
[dptoeducacion@santiagodecompostela.gal](mailto:dptoeducacion@santiagodecompostela.gal) [www.santiagodecompostela.gal](http://www.santiagodecompostela.gal)

Coa colaboración de:



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA